1.3.5.- As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. No caso de persoas con discapacidade e vítimas de violencia de xénero teranse tamén en conta as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con estes colectivos.

1.3.6.- O/A beneficiario/a deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ao corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social.

1.4. Tipos e Contías das axudas

Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS/AS	CONTRATO: 6 MESES ¹	CONTRATO: 1 ANO OU MÁIS
Persoas participantes dalgún dos programas da concellaría	750,00 €	3.000,00 €
INCREMENTO POR COLECTIVO		
<ul style="list-style-type: none"> • Mulleres • Persoas con discapacidade • Parados de longa duración (1 ano ou máis) • Persoas menores de 30 anos ou maiores de 45 anos 	250,00 €	500,00 €
Persoa vítima de violencia doméstica ²	300,00 €	600,00 €
Importe Total	1.300,00 €	4.100,00 €

(1) Contrato inicial de 6 meses, ou a suma das contratacións efectuadas non sexa inferior aos 6 meses e cun contrato inicial por 3 meses.

(2) Persoas que teñan acreditada a condición de vítima de violencia de xénero nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses coma para os dun ano).

1.4.1.- O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 6.000,00€, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.

1.4.2.- As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na aplicación orzamentaria 2410 4700000 - "Programa de axuda á inserción laboral" - por un importe de 35.000,00€.

1.5. Obrigas do/a beneficiario/a.

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.5.1.- Acreditar no momento da solicitude a contratación, no período comprendido entre o 16 de setembro de 2010 e o 15 de setembro de 2011, de persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, ou derivadas doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con colectivos de persoas con discapacidade e vítimas de violencia de xénero.

1.5.2. Se é o caso, acreditar a condición de persoa con discapacidade recoñecida.

1.5.2.- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como fronte á Seguridade Social.

Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

1.5.3.- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

1.5.4.- Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ó contrario, ter cumprido ás condicións do apartado 1.6.

1.5.5.- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.5.6.- O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

1.5.7.- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e

a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ó cese, e por un período de tempo equivalente ó que restase ou reste para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ó seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ser tamén beneficiaria das accións ou programas municipais de emprego da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

No caso no que o Servizo de Promoción Económica e Emprego non subministrara ningunha persoa como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dun/unha novo/a traballador/a co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou percibir o importe da subvención proporcional ó tempo efectivo da contratación.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Promoción Económica e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

1. Contrato de traballo da persoa contratada inicialmente subscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
2. Baixa da persoa contratada inicialmente.
3. Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
4. Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

BASE 2ª : EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador autónomo sen asalariados e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social, salvo que a suma non supere o 60% do gasto.

- Os contratos realizados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo comprometido no convenio de colaboración que se asine entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

BASE 3ª: PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

3.1.- Instrución e tramitación das axudas.

O procedemento para a concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos/as os/as solicitantes.

3.2.- Comisión de valoración e seguemento.

Estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.
- O xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego.
- Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

3.3.- Criterios obxectivos de adxudicación.

No caso de que o montante total das axudas que procedese conceder en función das solicitudes debidamente presentadas supere a cantidade máxima autorizada para estas axudas, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme ó baremo que figura nestas bases.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación do citado baremo, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

En caso de empate entre unha ou varias das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

- 1 Duración dos contratos.
- 2 Características das persoas contratadas:
 - 2.1 Víctima de violencia doméstica.
 - 2.2 Discapacitado/a.
 - 2.3 Maiores de 45 anos.
 - 2.4 Parados/as de longa duración.
 - 2.5 Muller.
- 3 Número de persoas a contratar.
- 4 Uso do galego na relación coa administración.

As solicitudes de axudas valoraranse con arranxo ao seguinte baremo:

1. DURACIÓN DO CONTRATO:

DURACIÓN CONTRATO	NÚMERO DE PUNTOS
-------------------	------------------

6 MESES	3
1 ANO	5
MÁIS DE 1 ANO	10

2. CARACTERÍSTICAS PERSOAS CONTRATADAS (SEGUNDO PME):

CARACTERÍSTICAS	NÚMERO DE PUNTOS
MENORES DE 25 ANOS CON ESCASA CUALIFICACIÓN	10
MAIORES DE 45 ANOS	10
PARADOS/AS LONGA DURACIÓN	10
MULLER	10
DISCAPACITADO/A	10
VÍTIMA VIOLENCIA DOMÉSTICA	10

Sumarase a puntuación correspondente a cada unha das circunstancias que de xeito simultaneo concorran nunha mesma persoa.

3. NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS:

NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS	NÚMERO DE PUNTOS
1	2
2-4	4
MÁIS DE 4	10

4. USO DO GALEGO NA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

USO DO GALEGO NA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN	NÚMERO DE PUNTOS
POLO USO DO GALEGO	1

BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no *Anexo I*, ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá ó “Programa de axudas municipais á contratación”, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada previamente no Departamento de Promoción Económica e Emprego, segundo consta no *Anexo I bis*:

Documentación relativa á empresa:

- Ficha de solicitude (*Anexo I*).
- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedades xa constituídas, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (*Anexo II*).
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (*Anexo III*).

- Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento que acorde a Comisión de Valoración (*Anexo IV*).
- Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa así como a persoa pola que se percibe a axuda corespondente.
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Anexo V*).

Documentación relativa a cada traballador/a

- DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.
- Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior á contratación.
- Contrato de traballo, rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
- Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grao total ou gran invalidez (no caso da contratación de persoas discapacitadas).
- No caso de persoas vítimas de violencia doméstica o Servizo de Orientación Laboral acreditará a súa situación mediante os informes pertinentes.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 16 de setembro.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, seralle requirida ó solicitante conforme ó establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

BASE 5ª: PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento notificarase ós solicitantes no prazo de dez días, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ó da notificación a comunicar á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, unha vez rematado o período de contratación estipulado, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 3 meses por parte do beneficiario/a como xustificación da subvención, mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas:

- De estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.
- A presentar unha vida laboral actualizada que amose o período total da contratación e as características da mesma.
- A presentar o último TC2 no que figure a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.
- Fotografía do cartel informativo da subvención, será subministrado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego..

O pago queda tamén condicionado á emisión polo servizo xestor, a concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda e que se incorporará á correspondente conta xustificativa que se remita a Intervención.

BASE 6ª: NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

BASE 7ª: PUBLICIDADE.

7.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2011 do “Programa de axudas municipais á contratación”, como un dos incentivos de fomento ao emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

7.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, no prazo de tres meses

a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitar os empresarios solicitantes das axudas.

As axudas que se concedan ó abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no BOP de Pontevedra, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Tanto os solicitantes como os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ó respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000€, a listaxe de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Promoción Económica e Emprego e Participación Cidadá.

7.3.- Publicidade do financiamento público.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación no “Programa de axudas municipais á contratación” integradas no marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo. O cartel será subministrado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego.

BASE 8ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 9ª: DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

13(677).- PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO, SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN “VIGO EMPREGA II”. EXPTE. 8299/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 2.06.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Emprega II”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2.- Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2011 e 2012, de programas integrais para o emprego.

3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2011 e 2012, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención e na execución do proxecto diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

14(678).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA PRESTACIÓN EFECTIVA DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS VOLUMINOSOS, Á MERCANTIL TOCA Y SALGADO S.L. EXPTE. 3027/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza, do 18.05.11, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, e co informe do Interventor Xeral de data 23.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

5. Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo no mes de abril do 2011 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.
6. Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 14.441,98 euros, Ive engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada no mes de abril do 2011.
7. Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620..2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

15(679).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. MANUEL ARAUJO CARIDE, POLA CELEBRACIÓN DA FESTA NA HONRA DE SAN ISIDRO LABRADOR. EXPTE. 80337/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 31.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do importe en metálico achegado en data 03 de maio de 2011 por don Manuel Araujo Caride DNI

35949256 A, por un importe de 2000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración da Festa na honra de San Isidro labrador no parque das Relfas en Moledo os días 14 e 15 de maio do ano en curso, por non producirse danos na vía pública.

16(680).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADO NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE MAIO. EXPTE. 1288/334.

Dáse conta dos expediente de contratos menores tramitados no servizo de Normalización Lingüística no mes de maio 2011, segundo informe da técnica do SNL, de data 1.06.2011.

Expediente	1273/334. Actividades dinamizadoras da lingua galega dirixidas á poboación en xeral
Decreto concelleira	data 12 de maio de 2011
Informe Intervención	RC 36842
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	21.000,00 euros

Expediente	1278/334. Actividades de verán
Decreto concelleira	data 19 de maio de 2011
Informe Intervención	RC 36890
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	21.000,00 euros

Expediente	1279/334. Obradoiros de improvisación oral no Centro municipal de improvisación oral
Decreto concelleira	data 19 de maio de 2011
Informe Intervención	RC 36888
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	1.170,00 euros

Expediente	1280/334. Campemento de verán
Decreto concelleira	data 20 de maio de 2011
Informe Intervención	RC 37228
Adxudicatario	Daniela Alvite Waisman (Imaxina, servizos educativos e culturais)
Importe	3.450,00 euros

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

17(681).- CONTRATACIÓN POLO PERÍODO DE UN ANO, PRORROGABLE POR OUTRO DUN SISTEMA DE RADIOCOMUNICACIÓN DE VOZ E DATOS PARA ENLAZAR OS DISTINTOS SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 33606/212.

Retirouse da orde do día.

18(682).- RECOÑECEMENTO DO GRAO PERSOAL AO FUNCIONARIO D. JOSÉ ANGEL FERNÁNDEZ ALONSO. EXPTE. 22063/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 20.05.11, e co informe do técnico de Intervención do 31.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecer ao funcionario de carreira con praza de operario-peón e posto de traballo de oficial conserxe D. José Angel Fernández Alonso, con nº de persoal 12055, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 17, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados do dito posto co citado nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

19(683).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE DECEMBRO 2010 E ABRIL 2011. EXPTE. 22037/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de Recursos Humanos, do 27.05.11, co informe da xefa da área de Réxime Interiore co informe do técnico de Intervención do 31.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de Novembro-2010 E Marzo-2011 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Miguel Angel Alonso Alonso	Decembro-2010	305'00
Parque Central	De Miguel Alonso Alonso a Bernardo Rodríguez Lestón	Decembro-2010	175,00
Parque Central (Limpieza)	De José A. Comesaña Davila a Florentino Prieto Domínguez	Decembro-2010	54,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Villaverde Villaverde	Decembro-2010	302,30

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Decembro-2010	40,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Decembro-2010	642,50
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Decembro-2010	86,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Abril-2011	366,00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Rkcardo Lobato Cameselle	Decembro-2010	130,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Abril-2011	102,00
Extinción Incendios (Oficina)	Mª Luz Palmás Calvar	Decembro-2010	47,00
Extinción Incendios	De José Carballo Leiros, José a Rubén Veiga García	Abril-2011	161,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Decembro-2010	30,00
Policia Local (Xulgados)	De Constante Alonso Caride a Fernando Villa Agulla	Abril-2011	976,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Constante Alonso Caride a Lucia Vidal Lorenzo	Abril-2011	1.269,50
Vias e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a José Manuel Martínez González	Decembro-2010	240,00
Electromecánicos	De Eduardo Rodríguez Boente	Novem/Decem-2010	50,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Decembro-2010	102,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Aviión a José Ramón Seijas Álvarez	Decembro-2010	88,00

Conserxería	De M ^a Teresa Vaqueiro Herbello	Decembro-2010	5,00
Limpeza	De Fernando Fernández Pérez	Decembro-2010	16,00
Administración de Tributos	De M ^a Rita Rielo Franco	Decembro-2010	35,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 47.213,08 €.

20(684).- PRODUTIVIDADE MANTEMENTO FONTES ORNAMENTAIS 1º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22046/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 16.05.11, co informe da xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 1.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais* , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernandez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 4 trimestre do ano 2010:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	350.00
10725	Francisco Oterino Fernandez	280.00
79136	Francisco J Bea Puentes	280.00
N persoal	Nome	a percibir

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 910.00€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino Fernandez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, con cargo ao RC 40869 realizado en data 14 de xuño de 2010 da partida 92201500000, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2011.

21(685).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ, DECEMBRO 2010. EXPTE. 21991/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 18.04.11, co informe da xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 2.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- “Outorgar á funcionaria D^a Alicia Meiriño Fernández, administrativa adscrita a Secretaría Xeral con NP 15817 un complemento de produtividade pola realización das funcións realizadas no mes de decembro do ano 2010, nos termos do informe de satisfacción do traballo e o resultado positivo obrantes no expediente administrativo e que antecedem á precedente proposta; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 254,85€.,

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 254,85€ con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade, a favor da funcionaria D^a Alicia Meiriño Fernández con N.P. 15817,

22(686).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO A DE DATA 2-08-07, SOBRE O EXERCICIO DE FUNCIÓNS DE COORDINACIÓN DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS-VÍAS E OBRAS, DE D. CARLOS SOTO ALVAREZ. EXPTE. 2088/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, de data 3.06.2011, que di o que segue:

“Con data 2 de agosto de 2007, polo Sr. Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, ditouse resolución na que se adscribía provisionalmente ao técnico de administración especial D. Carlos Soto Alvarez ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, así mesmo, no apartado terceiro de dita resolución encomendábaselle ao abeiro do disposto no art. 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación dos diferentes servizos e unidades administrativas que integran a Área de Servizos Xerais e Vías e Obras.

Por isto no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo de 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

Deixar sen efecto a resolución de 2 de agosto de 2007, no referente ao apartado terceiro, en consecuencia D. Carlos Soto Alvarez deixará de exercer funcións de coordinación dos diferentes servizos e unidades administrativas que integran a Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, así como o asesoramento á Concelleira-delegada de dita Area, Sra. Abelairas Rodríguez.

Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación dese traslado ao interesado, xefes dos servizos correspondentes, concelleira-delegada da

área, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, Intervención Xeral así como a o Comité de Persoal,

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

23(687).- MODIFICADO Nº 2 “CUSTE CERO”. PROXECTO DE OBRAS ORDINARIO DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ. EXPTE. 927/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 2.06.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 2 a “coste cero” do proxecto das obras ordinarias de “Urbanización da Rúa Manuel Álvarez (Estrada Vella de Madrid – Ramón Nieto) dacordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 2 de xuño de 2011 e contan co informe favorable do Asesor Xurídico da Área de Servizos Xerais.

24(688).- DENUNCIA POR “TELHADO AMARELO CONSTRUCOES UNIPESOAL” PARA A RETENCIÓN DAS CANTIDADES QUE LLE ADEUDA A UTE CONSLAR GALICIA S.L.-COMPAÑÍA AUXILIAR DE MINERÍA, S.A. EXPTE. 926/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da área de Servizos Xerais e do asesor xurídico de área, do 1.06.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Inadmitir a solicitude presentada no seu escrito de denuncia por “Telhado Amarelo Construções Unipessoal” para a retención das cantidades que lle adeuda a U.T.E. “Conslar Galicia, S.L.-Compañía Auxiliar de Minería, S.A.”, contratista das obras de “Humanización da rúa Travesía de Vigo. Fase 4ª”, xa que a reclamación das cantidades adeudadas debe efectualas contra o contratista ante os Xulgados do Civil competentes, sen que este Concello poda reter cantidade algunha ao contratista a estes efectos.

2º.- Contra o presente acordo poderá vostede interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa notificación, ou calquera outro que estime oportuno.

Así mesmo potestativamente poderá presentar previamente recurso de reposición ante este Órgano no prazo de un mes contado dende o día seguinte á notificación, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen resolver. Neste caso poderá interpor o recurso antes ofrecido, pero no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte á desestimación deste recurso por silencio.

25(689).- ESTUDO DE DETALLE TRV. PINO Nº 6. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 13281/411.

Retirouse da orde do día.

26(690).- ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE DA PARCELA DE ORIXE Nº 25 DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO APR 4-09 CALVARIO 6 (ANTIGO POLÍGONO 11). EXPTE. 5018/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 20.05.11, conformado polo director da oficina de Planeamento-Xestión, e coa certificación do acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 2.06.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Recoñecer a D. Manuel, D. Carlos e D^a. María del Carmen de la Paz Pérez Sotelo a súa condición de titulares en pleno dominio por terceiras partes indivisas, da parcela de orixe nº. 25 do Proxecto de Reparcelación do Polígono 11 do PERI IV 04 do Calvario definitivamente aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de día 07.10.2008, modificado mediante operación xurídica complementaria aprobada pola Xunta de Goberno Local de 12.04.2010, rectificada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 19.07.2010, como herdeiros ab intestato de D^a. Catalina Sotelo Carrera segundo Auto do Xulgado de 1ª Instancia n.º 11 de Madrid de día 17.06.1991.

SEGUNDO: Trasladar o presente acordo ao Rexistro da Propiedade nº. 2 de Vigo, instando a práctica das inscricións rexistras que procedan en recoñecemento da titularidade en pleno dominio e por terceiras partes indivisas de D. Manuel, D. Carlos e D^a. María del Carmen de la Paz Pérez Sotelo sobre a parcela de orixe nº. 25 e consecuentemente da porcentaxe do 64,99% do pleno dominio da parcela resultante S-4 adxudicada fiduciariamente ao Concello de Vigo no Proxecto de Reparcelación do PERI IV 04 do Calvario referido no apartado antecedente, e así mesmo, remitirlle copia da documentación obrante no expediente administrativo acreditativa da propiedade e demais circunstancias persoais dos titulares referidos, a fin de posibilitar a práctica de tales inscricións rexistras.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, significándolles que contra o mesmo poderán interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes perante o mesmo órgano que o ditou ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados en ambos casos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións que na defensa dos seus dereitos estimen procedentes.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

27(691).- CONTRATACIÓN PARA A AMPLIACIÓN EN 150 PRAZAS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGOA INGLESA (PILIVIGO). EXPTE. 12791/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Educación, do 26.05.11, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 25.06.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarara a urxencia na tramitación do expediente 12791-332 polas razóns expostas polo Xefe do servizo de Educación de 19-05-2011.

2º.- Aproba-lo gasto de 375.000 euros para a contratación dos servizos para a ampliación en 150 prazas do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO 2011), aplicándose á partida 3210.2279917 (Bolsa de Vinculación) dos presupostos do ano 2011.

3º Aproba-lo expediente de contratación dos servizos para a ampliación en 150 prazas do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO) que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 19-05-2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 24-05-2011.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

28(692).- ADMISIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SERVICIOS DE COLABORAICÓN INTEGRAL, S.L. EXPTE. 18994/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 2.06.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Admitir o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Pascual Seguí Bañuls, en nome e representación de SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 14 de abril de 2011.

2º.- Desestimar a alegación primeira do citado recurso relativa á exclusión dos licitadores PROINTEC, S.A. , e COREOLUTIONS, por incluír documentación relativa ós criterios obxectivos no sobre 2 “documentación técnica” polas razóns expostas no corpo deste escrito.

3º.- Estimar a alegación segunda do recurso de referencia e en consecuencia, excluír á mercantil PROINTEC, S.A. , do presente procedemento por incumprir a documentación técnica achegada as especificacións esixidas na cláusula III do PPT.

4º.- Levantar a suspensión deste procedemento e retrotraer a súa tramitación ó momento en que se debeu acordar a exclusión de PROINTEC, S.A.

5º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

6º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 319 LCSP)” .

29(693).- PROXECTO DE CONVENIO COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS DO MUNICIPIO, DENDE O 11.06 ATA O 15.09 DE 2011. EXPTE. 80336/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 20.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade. co informe do letrado asesor do 3.06.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 11 de xuño ata o 15 de setembro de 2011, co contido que no mesmo proxecto figura.

2º.- Autorizar o gasto, a dispoñibilidade do crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivados da estipulación DÉCIMA do convenio, por un importe de 153.000 € (ive engadido), con cargo á partida 1330.2279900 do vixente orzamento municipal.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2011

En Vigo a de xuño de 2011.

R E U N I D O S:

Dunha parte:

D. Abel Caballero Alvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, nomeado por acordo plenario de data 16 de xuño de 2007, e en representación deste, segundo dispón o artigo 124.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra:

Dª. Mª Teresa Alvarez Quicler, presidenta do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 9 de outubro de 2007 do presidente do Comité Provincial, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

M A N I F E S T A N

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercicio de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuír ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se ditan

normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación do areal, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).

QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de mantención e transporte dos voluntarios, etc.

Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areais, de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areais de Samil, Illas Cíes (praia de Rodas), Vao, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), Canido, Argazada, Teis e Fontaiña, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula novena do presente convenio).

Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixilancia dos areais anteriormente citadas.

SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será O Concello.

TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.

CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aqueloutras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.

QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.

SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areais será responsabilidade do Concello de Vigo.

SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométese a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.

DECIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboaralle á Cruz Vermella Española a cantidade de 153.000 euros, IVE engadido (cento cincuenta e tres mil €) con cargo a partida núm. 1330.2279900, de asistencia sanitaria en praias, do orzamento para o ano 2011.

En canto ao pagamento da referida cantidade, e para atender a necesidade de comprar o material preciso e o carácter de entidade sen ánimo de lucro que ostenta a Cruz Vermella Española, efectuarase antes do día 15 xullo o aboamento de 50.000 euros, antes do día 15 de agosto o aboamento de 50.000 euros e o resto unha vez finalizado o servizo.

O pagamento realizarase tras a presentación da correspondente factura por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Mobilidade , transportes e seguridade

O último pago realizarase previa presentación da correspondente Memoria por parte de Cruz Vermella española na que deberán detallarse os servizos prestados e os gastos realizados de conformidade co presuposto presentado e aprobado, e certificación do cumprimento do Convenio expedida polo Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade.

UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:

- O Concelleiro-delegado de Seguridade ou persoa en quen delegue.
- O Xefe da Área de Seguridade.
- Un representante de Protección Civil do Concello.

Por parte da Cruz Vermella:

- O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.
- O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.
- O responsable do servizo de areas.

Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.

DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 11 de xuño de 2011 e estará vixente até o día 15 de setembro de 2011.

DÉCIMO TERCEIRA: A resolución de calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria; ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdición e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tiveren.

O presente convenio ten natureza administrativa , rexéndose polo dereito administrativo e supletoriamente polas normas do dereito privado. O orde xurisdiccional será o contencioso administrativo en todo caso.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

O alcalde-presidente do
Concello de Vigo

A presidenta do Comité Comarcal
da Cruz Vermella Española

Abel Caballero Alvarez

M^a Teresa Alvarez Quicler

ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

Posto no areal de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo do areal de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: Do 11/06/11 até o 15/09/11.

- HORARIO: Nos meses de **xuño e setembro:**

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

8. Nos meses de **xullo e agosto**

De luns a venres de 11:00 h a 20:00 h

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal do Vao

-LUGAR: situado no areal do Vao ao carón da Estación Náutica.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 11/06/11 até o 15/09/11.

- HORARIO: No meses de **xuño e setembro:**

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h

- Nos meses de **xullo e agosto**

De luns a venres de 11:00 h a 20:00 h.

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 11/06/11 ao 15/09/11

-HORARIO: Nos meses de **xuño e setembro:**

Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas

Cíes – Vigo. Fins de semana.

Nos meses de **xullo e agosto:**

Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas Cíes -

Vigo. Atención diaria

Posto no areal do Tombo do Gato (A Fonte)

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia da Fonte.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 11/06/11 até o 15/09/11.

-HORARIO: Nos meses de **xuño e setembro:**

Fins de semana de 11:00 a 20:00 h

Nos meses de **xullo e agosto:**

De luns a venres de 11:00 h a 20:00 h

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/11 até o 31/08/11.

-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h ata as 20.00 h;

Fins de semana de 10.30 h a 20.30 h.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

-LUGAR : posto de primeiros auxilios situado no areal de Argazada

-DATAS DE ATENCIÓN: Do 01/07/11 até o 31/08/11.

-HORARIO: De luns a venres de 11.00 horas ata as 20.00 horas;

Fins de semana e festivos de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal da Punta

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/11 ata o 31/08/11

-HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h

Fins de semana de 10:30 h a 20:30 h.

Posto no areal de Fontaiña

- **LUGAR**: posto de primeiros auxilios situado no areal de Fontaiña.

- **DATAS DE ATENCIÓN**: do 1/07/2011 ata o 31/08/11

- **HORARIO**: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Fins de semana de 10:30 h a 20:30 h.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

-**MEDIOS HUMANOS**: 4 socorristas

1 conductor

1 D U E

-**MEDIOS MATERIAIS**: Posto fixo, ambulancia e material sanitario.

Posto no areal do Vao

-**MEDIOS HUMANOS**: 2 socorristas.

1 conductor – socorrista

-**MEDIOS MATERIAIS**: Posto fixo e material sanitario.

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

-**MEDIOS HUMANOS**: 1 médico ou D U E (meses de xullo e agosto)

2 socorristas

-**MEDIOS MATERIAIS**: Posto fixo e material sanitario

Posto no areal de Tombo do Gato (A Fonte)

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas

-**MEDIOS MATERIALES**: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal de Canido

-**MEDIOS HUMANOS**: 2 socorristas.

-**MEDIOS MATERIAIS**: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

-**MEDIOS HUMANOS**: 2 socorristas

-**MEDIOS MATERIAIS**: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal da Punta (Teis)

-**MEDIOS HUMANOS**: 2 socorristas.

-**MEDIOS MATERIAIS**: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

Posto no areal de Fontaiña

-**MEDIOS HUMANOS**: 2 socorristas

-**MEDIOS MATERIALES**: posto de primeiros auxilios alugado
material sanitario.

30(694).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IMESAPI, S.A. CON MOTIVO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL. EXPTE. 80410/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeiro técnico de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 26.05.11, conformado polo xefe de área e polo concelleiro de dita área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva do gasto derivado das actuacións realizadas con motivo da sinalización horizontal e vertical a favor de IMESAPI, S.A, con CIF A-28010478 e que figura na factura nº 36200044 que se achega, por un importe total de 74443,84 €, con cargo á partida 1330 2279902 (Concesión marcas e viais)

31(695).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS A DIVERSOS FUNCIONARIOS, CORRESPONDENTE AO PERIODO ENTRE O DECEMBRO 2010 E MARZO 2011. EXPTE. 21948/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.04.11, conformado pola xefa do servizo RR.HH., e informe do técnico de Intervención do 4.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

Nome	Nº Persoal	DNI	Periodo	Proposta de aboamento
Amoedo Moreira, José Luis	22.467	3607307- V	12/2010 e do 1/ 2 ao 31/3/2011	585,62€
Meiriño Fernández, Alicia	15.817	34936626	1/1 ao 31/3/2011	1.478,13€
Quintela Rodríguez, María José	9.320	35995956 -J	12/2010	628,29€
Rodríguez Ferreira, Albino	77.274	36025379 -L	1/1 ao 31/3/2011	3.309,30€
Total a Aboar				6.001,34€

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de **6.001,34€** en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” .

Dese traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

32(696).- PRODUTIVIDADE A D. ALBINO RODRIGUEZ FERREIRA CORRESPONDENTE AO PERIODO ENTRE O 26.10.10 E 31.12.10. EXPTE. 21853/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 17.02.11, conformado pola xefa do servizo RR.HH., e informe do técnico de Intervención do 3.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecer e aboar ao funcionario a D Albino Rodriguez Ferreira, Técnico superior de recursos e programas, a cantidade de 2353.30€ en concepto de produtividade correspondentes ao período comprendido entre o 26 de outubro ao 31 de decembro de 2010, con cargo a partida 92201500000 do vixente orzamento.

Dese traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

33(697).- PROXECTO MODIFICADO COSTE CERO DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DUN PAVILLON POLIDEPORTIVO EN CANDEAN. EXPTE. 10614/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o proxecto modificado sen incremento económico da obra de construción dun pavillón polideportivo en Candeán, redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS e informado

favorablemente polos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso”.

34(698).- PROXECTO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DO ESPECTÁCULO “CASTRELOS CIRCUS”, DENTRO DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN DAS FESTAS DE VERÁN 2011. EXPTE. 4099/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 16.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, do espectáculo “CASTRELOS CIRCUS”, dentro do programa de actuacións das Festas de Verán 2011, o día 8 de agosto ás 22:30 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 93.570 euros (noventa e tres mil cincocentos setenta euros), IVE incluído con cargo á bolsa de vinculación da partida partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará LA FIESTA ESCÉNICA S.L.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Que se aprobe os prezos de 8 euros como venda anticipada e de 10 euros como venda en taquilla para as 1.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.”

35(699).- PROXECTO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACION MUSICAL “JUANES”, DENTRO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DAS FESTAS DE VERÁN 2011. EXPTE. 4100/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 19.05.11, conformado polo concelleiro delegado de

Animación Sociocultural, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical do artista JUANES dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2011, o día 16 de xullo ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos”.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 153.400,00 euros, (CENTO CINCOENTA E TRES MIL CATROCIENTOS EUROS), IVE incluído, con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará SWEET NOCTURNA SLNE.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Que se aprobe os prezos de 12 euros como venda anticipada e de 15 euros como venda en taquilla para as 4.000 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.”

36(700).- PROXECTO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACION MUSICAL “BAD RELIGION”, DENTRO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DAS FESTAS DE VERÁN 2011. EXPTE. 4101/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 19.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 3.06.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Que se aprobe o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical do grupo BAD RELIGION o día 14 de agosto, ás 22:30 horas no Auditorio ao Aire Libre de Castrelos, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2011.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 145.140,00 (cento corenta e cinco mil cento coarenta) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará SWEET NOCTURNA SLNE.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Que se aprobe os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 3.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.”

37(701).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.16 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.